

Antonio Dios Vázquez

14-07-1916

Cando foi da guerra, Antonio tiña vinte anos pero andaba xa un pouco amolado de traballar desde os quince na fábrica de ferramentas que tiña a súa familia, “O Ferreiro do Pino”. Ata os catorce anos, Antonio estivera no colexio Balmes, que dirixía Gerardo Méndez na praza Méndez Núñez. Estivera desde os sete, máis ou menos, cun primo da súa idade que se criara con el. A partir dos doce anos tiñan o que se chamaban clases especiais de comercio, xeografía etc. e aos catorce don Gerardo chamou os seus pais e díxolles que xa remataran o ciclo e que agora tocaba ir ao instituto ou traballar. E xa traballou toda a vida aí, no Ferreiro do Pino, ata que pecharon a fábrica cando el tiña 86 anos.

Na II República, o seu irmán Edelmiro militaba nas Xuventudes Socialistas e nos ano 30 foi a Madrid, a un congreso socialista en Torrelodones:

“Alí causou sensación. No PSOE había tres faccións, uns eran máis duros e outros máis moderados e Edelmiro era dos máis moderados. Era o maior dos once irmáns, levábame oito anos a min. Cando o mataron tiña 28. Creo que era secretario das Xuventudes Socialistas en Pontevedra pero ademais era sindicalista, traballaba na fábrica e era sindicalista, defendía os traballadores. Foi presidente en Pontevedra do sindicato do metal, dentro do Partido Socialista¹”.

¹ O blog “Pontevedra nos anos do medo” de Xosé Álvarez Castro recolle que en xullo de 1936 Edelmiro Dios ocupaba o posto de vicesecretario no PSOE de Pontevedra, presidido daquela por Ramiro Paz. Tamén pertencía á



Edelmiro defendía os traballadores, empezando polos da fábrica do Pino, fronte á patronal, que era a súa propia familia, pero a pesar de ser sindicalista o seu irmán tiña moi boa relación co padriño, Edelmiro Vázquez, o amo da fábrica, que era irmán da súa nai, Josefa Vázquez.

“Non tiñan problemas; o padriño queríalle moito, era o seu afillado e era moi traballador. Ao padriño o do sindicato non lle gustaba moito, pero...”.

A política xa lle causou problemas a Edelmiro en 1934, cando o prenderon xunto a outros compañeiros de Pontevedra, Vilagarcía e Arcade:

“Tíñanos metidos no Minerva, en Marín, nun barco grande para abastecer outros barcos. Os xoves e os domingos íamos visitalo nunha lancha da Escola Naval. No barco facía un frío tremendo. O que nos levaba era un coñecido noso. A lancha que levaba a xente era dun mariño de Vilaboa, de Santa Cristina. Deberon estar un mes ou dous presos. O meu irmán saíu, pasou o tempo e como o Ferreiro do Pino tiña influencia, o mariñeiro viña por aquí e adquiriu certa confianza coa casa”.

Chega o golpe de Estado e moitas persoas con implicación política marchan da casa buscando agocho. Milucho ten que agocharse tamén:

“Ese rapaz foi e convenceu á miña nai de levar a Milucho para a casa do seu avó. ‘Téño ali e non o sabe ninguén’. Pero ese mozo estaba casado en Paredes coa filla de Antonio Vidal Vilas² e un parente deles era Hermida, o falanxista. Nós ese detalle non o sabiamos, soubémolo despois. O caso é que Hermida librou o seu parente pero decatouse que estaba o meu irmán e cando soubo que estaba alí foino buscar de noite, porque din que el andaba de noite a cazar e a matar”.

Conta a memoria oral que Edelmiro Dios e o parente de Hermida, Faustino García Puga, estaban agochados en Paredes, na casa da que fala Antonio, e chegoulles a información de que os ían buscar, así que escaparon a Santa Cristina de Cobres pero alí colléronos. A Faustino déronlle unha malleira e deixárono tirado xunto ao Hospital pero non o mataron. A Edelmiro si. Co tempo, Faustino escribiría un diario onde recolle o sucedido. Para salvar a vida, obríganos a alistarse no exército nacional pero el pasa ao bando republicano, acaba en Francia e de aí marcha no *Winnipeg*, que arriba nas costas chilenas o 3 de setembro de 1939. O seu sogro, Antonio Vidal, vive unha historia parecida. Socialista, era tenente alcalde en Vigo e despois de estar tres anos agochado entregouse pero non o prenden, póñenlle unha multa e destérrano á Coruña. Alí segue vinculado coa política e mesmo colabora con Alejandro Gama na organización dunha cédula comunista. Volven detelo e tamén marcha para Chile.

“Cando chegaron os falanxistas, o avó do rapaz dicíalles que aí non había nada pero entráronlle pola forza e remexeron todo. Cando despois colleron o meu irmán, el chorou moito”.

sección local do Socorro Rojo na que era encargado de “Agit-prop” e traballaba no eido sindical sendo xa en 1931 secretario da directiva dos metalúrxicos pontevedreses.

2 O que se entregou con Manolo da Socorra.



O padriño de Milucho, o amo da fábrica, ía todos os días a Pontevedra ás once:

“El dicía que para ir a Correos pero ía tomar unha *chiquita*. Cando colleron a Milucho estábao esperando un rapaz que lle dixo: ‘Edelmiro, colleron a Milucho e está no cuartel da Garda Civil’. El foi enseguida á casa, buscar o meu pai, e marcharon para o cuartel da Garda Civil. A min non me deixaron ver o meu irmán pero ao meu pai e ás miñas irmás, si. Díxolles que estiveran tranquilos, que non ía pasar nada...”.

O seu pai, que era fillo de Garda Civil, foi onda o xefe da Garda Civil en Pontevedra, pedirlle polo seu fillo:

“O garda díxolle: ‘*hay que enseñarle educación a los hijos*’, e o meu pai contestoulle: ‘O meu fillo ten máis educación que vostede’. Ao día seguinte, á mañá, volveu esperar polo padriño ese mesmo rapaz e díxolle: ‘A Milucho matárono e está enterrado en Bora’. Díxollo ese mesmo rapaz, que era un dos que andaban a matar de noite. Dábase a circunstancia de que o meu pai e o padriño tiñan un grupo que andaba a xogar ás cartas e este rapaz ía pola *farra* de despois das partidas e coñecíanse diso”.

Matárono o 6 de setembro do 36. Desde que marchara non volvera pisar a súa casa. Edelmiro foi dicirlle a súa irmá. Josefa sentouse na escaleira e, abrazada ao seu home, chorou a mares polo primoxénito. Foi unha das poucas veces que viron desolada unha muller pouco dada ás lamentacións. Púxose de negro, cun cordón que trocaba o vestido en hábito, e nunca volveu quitar o loito. Tivera once fillos sans, ningún aborto naquel tempo de fame e miseria, e este era o primeiro que lle faltaba. Matáranllo con 28 anos:

“Acordábase moito, choraba comigo moitas veces. Tiña na mente esa historia e dicíame que non se lle ía da cabeza”.

Os irmáns de Josefa quixeran mandar a Milucho a Portugal:

“Un irmán da miña nai, Pepe, o máis novo, dixo que a Milucho había que quitalo, que non podía estar aí. Daquela pasaban a Portugal e de Portugal, marchaban para América. Pero el dixo que non quería e á miña nai tampouco lle gustaba que fora lonxe. E ao mellor se o tivera ela na casa tampouco o collían...”.

Pasou moito tempo ata que puideron recuperar o corpo enterrado no cemiterio de Bora:

“Pasou o tempo e un día as miñas irmás dixéronme: ‘Imos a Bora un domingo mirar se o atopamos?’ E fomos. Anduvemos a dar voltas sen dicir nada a ningún. Non encontramos nada. Fomos outro e outro ata que chegamos un domingo e estaba pechado. Fomos ao sepultureiro e dixo que non nos podía dar a chave, que llo prohibiran”.

Daquela Toñito andaba na mili:



“Estaba na mili de ‘obreiro’, éramos soldados pero tiñannos como obreiros. Eu tiña quenda de oito a unha e á unha fun para o concello. Había dous porteiros, un era veciño. Fun falar co alcalde Hevia, que tamén lle mataran un cuñado, Alberto Martínez Tiscar. Díxenlle que me mataran un irmán, que estaba enterrado en Bora e que quixera atopar o sitio no que está pero que non me deixaban entrar..

-Como? Vaite tranquilo que se queres ir non hai problema.

Logo, o sepultureiro choraba que se a el lle deran a orde, que se non tiña culpa... A cousa pasou e seguimos indo ao cemiterio. Sempre había persoas maiores pero un día veu unha moza, tería vinte anos ou vinte e algo e díxonos:

-Sodes do Pino?

-Somos.

-Pois vinde comigo.

Levounos a unha zona do cemiterio e díxonos:

-Aquí está o voso irmán porque esta pedra craveina eu o día que o enterraron e aquí está”.

Josefa Vázquez fixo todo o que estaba na súa man para recuperar os restos do fillo:

“A miña nai tiña unha tenda de costura e tiña unhas rapazas que ían aprender a coser... No Pino había unha casa que era dun médico, dos Rei. Tiñan unha finca cunha casiña pequena abaixo e viñan no verán. O Rei tiña tres fillas e a máis nova estaba casada co xefe de Ríos... el non sei como se chamaba; a muller chamábase Berta e, sempre que ía dar unha volta, pasaba pola da miña nai.

-Pepa, podía vir algunha tarde con vostede, fágolle compañía e falamos un pouco?

-Cando queiras.

O caso é que veu de gobernador civil un cuñado dela. O marido era xefe de Montes ou algo así e unha irmá do xefe de Montes estaba casada co Gobernador Civil, así que a miña nai díxolle a Berta se non podería pedirlle permiso para levantar as cinzas do seu fillo. Ela díxolle que falaría con el... Foron e díxolle que tiña que falar co xefe de Sanidade, que era amigo del. ‘Podedes levantar cando queirades’. E fomos”.

De non ser pola rapaza, nunca saberían cal era a tumba do seu irmán; sabían que estaba en Bora pero nada máis. Ao parecer a rapaza estaba alí cando o levaron, marcou o sitio coa pedra e despois, como saíu na prensa que colleran a Edelmiro, ela soubo que era o do Pino e díxollo á familia.

Para o traslado foron dúas irmás de Edelmiro, Tucha e Fina (mestras depuradas que tamén sufriron cadea e rapa), Antonio (o seu pai) e o señor Sebastián Álvarez, que era o veciño que traballaba no concello de porteiro. Recollérono todo e a Antonio tocoulle recoller o cranio, que tiña un tiro na tempa e outro na caluga.



Edelmiro foi enterrado no panteón familiar de Salcedo.

Pasado moito tempo, chamou o alcalde Hevia a Antonio para preguntarlle como fixeran para saber que estaba alí, porque a el matáranlle un cuñado e non sabía del. Antonio explicoulle o da rapaza e o alcalde contoulle que a Alberto Martínez Tíscar, o seu cuñado, que fora falanxista, botáranlo ao fondo do mar cunha pedra e que, a diferenza doutros cadáveres guindados no mar, que si apareceran, ao seu cuñado o mar non o devolvera.

Despois de que mataran Edelmiro, prenderon o seu pai e as súas irmás Fina e Tucha. Querían prender tamén a Antonio, pero en previsión tivérano afastado da casa un días e, como non o atoparon, levaron as dúas irmás maiores e o pai. Elas estiveron dous meses retidas e o seu pai algunhas semanas máis. Para sacalos, a familia tivo que pagar tres multas. Cando Antonio se incorporou ao servizo militar, tocoulle ir de garda, estar de sentinela, mosquetón en man, mentres estaba preso o seu pai:

“Eu poucas gardas fixen porque estaba no taller de obreiro, pero aquel día si, aínda que ás once fóronme relevar. O do taller foi xunto ao coronel e díxolle se non me podía quitar de alí porque tiñamos moito traballo e levoume”.

Fina e Tucha eran da Federación, do sindicato que había na Universidade (FUI). Tucha, Esclavidud, que era a maior, estivera na escola de Figueirido, fora substituír unha mestra que daba a luz, que logo o fillo foi alcalde de Pontevedra. Despois foi para A Coruña para a praza que deixara a nai do futuro alcalde. A Fina mandáranla para un barrio de Vilagarcía pero, cando foi do golpe militar, quitáronlles a escola. Fina volvería exercer durante dous cursos cando xa en democracia o goberno validou a vida laboral dos cursillistas do 36, dos mestres e mestras que foran apartadas das aulas por razóns políticas. Aquelas persoas que xa tiñan idade de xubilación recibiron a súa pensión como se de feito tiveran traballado e aquelas que aínda non se xubilaran reincorporáronse ás aulas. Tucha xa estaba en idade de xubilación pero Fina non e con 63 anos empezou a exercer de mestra, ata os 65.

Pero a represión sufrida pola familia Dios Vázquez iniciárase xa no mesmo momento do golpe, cando comezaron os rexistros na casa na procura de Emilio:

“Antes de collelo os cívicos viñan todas as noites. Pasabamos unhas noites!!! Tiñamos un can, Leal chamábase, e sabíamos que viñan porque el arrimábase á porta e empezaba a chorar e a chorar. Acabaron matándoo, porque avisaba de que viña a xente. Facían rexistros e levaron todo canto lles deu a gana. Libros de Milucho. E a Fina e a Tucha cortáronlles o cabelo. Leváronas con outras de Pontevedra ao cuartel e a unha rapaza, Estrella Portela, a moza de Tino Gama, puxéronlle UHP na fronte. Raparon a moitas e unha era a compañeira de García Filgueira. Tivo un fillo e o bebé estivo con ela no cárcere”.



Ademais da morte de Milucho, dos rexistros, da prisión do pai e das irmás e da rapa das dúas, a familia sufriu represión económica. Antonio cre que a multa que lle puxeron daquela ao seu tío Edelmiro, que fora presidente da Sociedade de Agricultores de Salcedo, foi de 30.000 pesetas. Politicamente, Edelmiro era liberal. Casou pero non tivo fillos.

Milucho tiña moza, Lola Lages, veciña de Salcedo. Nunca máis volveu casar. Morreu moi nova.

A Antonio, o seu irmán Milucho faláballe de política. Os socialistas tiñan a Casa do Pobo en Santa María e había reunións e ás veces Antonio ía tamén, pero a el nunca o detiveron, como lles sucedeu a Fina e Tucha.

A Antonio chegaron a descubri-lle a identidade dun dos asasinados do seu irmán. Foi unha tarde cando Antonio xa vivía xunto aos seus sogros, tamén no Pino. Ao acabar de comer decidiu ir ver os seus pais e, ao saír, atopouse cun coñecido, Manolo, o que tiña a funeraria do Palacio. De súpeto, viron que unha moto saltaba polos aires a uns cen metros de onde eles estaban. Van andando e ven unha muller arranxando a roupa para abaixo e dille Manolo a Antonio: “Esa debía ir na moto”. Chegan alí, a moto estaba enriba dunha viña e o que ía nela tirado, parecía que estaba morto. Nese momento, Manolo dille a Antonio: “Este é o que matou a Edelmiro³! Mira onde veu caer!”, porque caera xusto fronte á fábrica da familia do home que asasinara.

Non morreu no accidente. Ao pouco chegou un cabo da Garda Civil con outro e Antonio achegouse a eles. O cabo colleu o mosquetón, moveu o accidentado e antes de levar o ferido dixo: “Asasino, e non morreches...”, diante mesmo de Antonio.